



-  Casa do Concello Mesía
 Xanceda, s/n. 15685
<http://concellodemesia.es>
 Tel.: 981 687 001

-  Casa do Concello Ordes
 Avda. Alfonso Senra, 108. 15680
<http://www.concelloodeordes.com>
 Tel.: 981 680 002

-  Casa do Concello Oroso
 Praza Isaac Díaz Pardo, 1. 15888
<http://www.concellooroso.com>
 Tel.: 981 691 478

-  Casa do Concello Santiago
 Praza do Obradoiro-Pazo de Raxoi.
 15705
<http://www.santiagodecompostela.gal>
 Tel.: 981 542 300

-  Centro de Estudos e Investigación do Camiño Inglés (CEICI)
 Centro Cultural
 Sigüeiro-Oroso
 Tel.: 881 981 380
cultura@orosogal

-  Punto de Información do Camiño Inglés (PICI)
 Piscina municipal (o Camiño pasa ao seu carón; só durante o verán)
 Sigüeiro-Oroso



SECCIÓN DE TURISMO DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA:

www.turismo.dacoruna.gal

+34 981 080 837

 Turismo da Deputación da Coruña

 @DACTurismo

 dacturismo

TODO TIPO DE URXENCIAS: 112

GARDA CIVIL: 065

URXENCIAS SANITARIAS: 061

INFORMACIÓN METEOROLÓXICA:

www.meteogalicia.gal



O Camiño Inglés a Santiago

Hospital de Bruma - Santiago



Dúas xornadas na natureza

Dende Bruma ata Santiago hai dúas etapas, as cales suman pouco máis de 40 km. A primeira delas leva ata Sigüeiro (que non conta con albergue público, pero si con ampla oferta privada) e a segunda de 16 km, os que separan esta localidade da praza do



O Apóstolo, en terras de Ordes

Obradoiro. Nin nunha nin noutra aparecen fortes nin longos desniveis, de maneira que resultan cómodas de andar.

Tres quilómetros xustos despois do albergue de Bruma o peregrino atópase en San Pedro de Ardemil,

unha parroquia cunha igrexa sobria e en excelente estado que vai quedar á esquerda. Tras un percorrido por asfalto, pasado Mámoas, o Camiño Inglés apártase á dereita entre piñeiros, e por tanto con sombra.

Trátase dun tramo caracterizado polas súas múltiples cruces, convenientemente sinalizados. Na estrada de novo, alcanza outra parroquia, Buscás, cunha igrexa cuxa fachada queda oculta pero que paga a pena coñecer. Hai alí mesmo unha casa de turismo rural, un bar e un cruceiro situado no alto dunha base con moitos chanzos. E fronte a todos eles, un parque infantil.



Entrando no bosque



San Paio de Buscás

A 1,2 km do templo, e pasadas as casas de Vilariño, o peregrino vai virar en ángulo recto á esquerda para entrar nunha pista de terra que mediante unha ponte salva un río e convida a non seguir de fronte, senón a bordear a corrente gañando altura de maneira gradual.

A seguir crúzase por un túnel unha estrada ancha e con tráfico (pola dereita conduce a Ordes, con todos os servizos pero a unha hora de camiño), para logo elixir a esquerda por terra e inmediatamente a man contraria. Un bonito túnel de árbores vai permitir ir deixando á destra a igrexa local.

Á saída da Rúa está a capela de Nosa Señora da Mercé. Máis adiante chégase ao seguinte punto digno de ser mencionado: o cruzamento da estrada DP-8802, que esixe, como sempre nestes casos, prudencia. Todo recto para meterse nun camiño de terra 900 m máis lonxe dese cruzamento, agora con piñeiros como compañía, e aos 100 m coller o desvío á dereita, ancho, cómodo e chaira.

Á minúscula aldea das Carrás chégase en ascenso deixando atrás un tramo precioso, como marabilloso é o que segue subindo. Sen dúbida ese curto tramo de 400 metros pasará a formar parte do catálogo de sitios inesquecibles que todo peregrino vai elaborando paso a paso. Arriba deixa atrás o municipio de Ordes e entra no de Oroso, e tras suave descenso accede a Baxoia e enfila cara Sigüeiro.

A entrada neste último núcleo defínese como outra das maravillas do Camiño Inglés. Ninguén afirmaría que é longa, dende logo, pero si que resulta asombrosa. Porque cando se está ante o colexio chamado precisamente así, Camiño Inglés, vírase á esquerda para penetrar nun parque metade salvaxe, metade urbano, coñecido como O Carboeiro xa que ese é o nome do río que lle dá vida. Un bosque oculta a vila, e ábrese pouco despois de que o peregrino pase pola histórica ponte da Ulloa. E cae dentro do moi probable que esa ponte tan humilde como bela vise pasar, entre outros moitos, a

Ponte sobre o Tambre



ilustres como Margery Kempe en 1417 (a primeira muller coñecida que peregrinou polo Camiño Inglés dende Gran Bretaña a Santiago), o cura húngaro János Zádori en 1868 e o príncipe Cosme de Médicis en 1669. Aos dous primeiros lémbreselles con placas á beira da piscina municipal, convertida no verán en Punto de Información do Camiño Inglés.

Sigüeiro debe ser lugar de parada e fonda. Se hai tempo, no seu centro cultural abre as súas portas o único Centro de Estudos e Investigación do Camiño Inglés (CEICI) do mundo.

E a xornada seguinte vai comezar co cruzamento do río Tambre pola ponte medieval, románica e gótica, aínda que moi transformada.

Ao deixar a ponte atrás xa se entra no municipio de Santiago. Hai que cruzar a estrada por algún dos pasos de peóns pero lembrando que a prudencia sempre é necesaria. Xusto antes da gasolinera esquécese a estrada xeral e éntrase en pequenas pistas que debuxan unha liña crebada. Así pois, os cruces abundan, pero iso non debe asustar posto que todos están moi ben sinalizados.

Cando quedan algo menos de 15 kms, en Caluba, o Camiño Inglés vira á dereita para salvar por riba a autoestrada e logo marchar un curto tramo pegado a esta vía de alta capacidade. Despois de Marantes empézase a pisar terra, algo que se agradece.

Con Cortos ás costas, á fronte e ao fondo aparece unha montaña que ten o cumio cortado en



Pasado Marantes

liña recta. Alberga un castro, unha aldea prehistórica aínda pendente de ser escavada e en calquera caso convértese nun punto de referencia, posto que a ruta xacobeica o bordeando cando quedan só 8,7 kms para a praza do Obradoiro.

A carón dese castro comeza unha pista de terra ancha e cómoda, polo medio de carballos e piñeiros. Xérase unha atmosfera mesmo algo irreal, porque esa é a mesma paisaxe que se atopaban os peregrinos nos séculos medievais e os habitantes da prehistoria.

Iso que cruza o peregrino é o chamado Bosque Encantado, e unha gran bruxa, á dereita, vai incitar para facerse unha foto con ela. A estrada xeral está moi preto, ás veces óese o tráfico, pero non hai perigo ningún. A 5,5 km do final éntrase no polígono industrial do Tambre e a partir de aí o camiñante vai percorrer zona urbana. A catedral agarda no corazón histórico de Santiago.



Peregrinos en Oroso